

COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS E DE FACENDA E ECONOMÍA

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **16 de xuño de 2021**

Ás 17.45 horas do día 16 de xuño de 2021, réunese a comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía, no salón de Plenos da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Rosendo Luís Fernández Fernández

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Ana María Villarino Pardo

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Aurentino Alonso Araújo

D.^a Elvira Lama Fernández

D.^a Susana Rodríguez Estévez

Deputado de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Deputado non adscrito: D. José Miguel Caride Domínguez

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventor: D. José Mosquera Casero

Non asiste o deputado don Plácido Álvarez Dobaño do Grupo Popular (substituído por dona Ana María Villarino Pardo) nin dona Rosario Rodríguez Delgado do Grupo Socialista (substituída por dona Susana Rodríguez Estévez).

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 21 DE ABRIL DE 2021.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 21 de abril de 2021.

Non se producen intervencións e por maioría a comisión adopta o seguinte o seguinte acordo:
Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía do día 21 de abril de 2021, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- CAMPAMENTOS TEMATIZADOS DO VERÁN “EXPLORA OURENSE – ENGLISH CAMP 2021” (CAMPAMENTO DO VERÁN PARA RAPACES QUE SE REALIZARÁ NO COMPLEXO TURÍSTICO DO CORGO, SITUADO EN MUGUEIMES – MUÍÑOS), ENTRE OS DÍAS 1 AO 6 DE AGOSTO DE 2021, PARA A PRIMEIRA QUENDA, E DO 7 AO 12 DE AGOSTO DE 2021 PARA A SEGUNDA.

O Sr. secretario dá conta do contido da proposta.

D.ª Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, sinala que lle gustaría saber a razón pola que, se estamos ante un campamento de verán de carácter provincial, leve realizándose durante sete anos no mesmo termo municipal de Muíños. Engade que se ben este concello ten unhas instalacións envexables, debería estudarse a posibilidade de que se realice tamén noutros termos municipais da provincia.

O **presidente da comisión** indica que o traballo do Concello de Muíños e o marabilloso enclave no que se atopan as instalacións, seguramente sexan a razón de que se realice alí durante tantos anos.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5) e de don Miguel Caride e dona Montserrat Lama (deputado/a non adscrito/a) e a abstención do Grupo Socialista (3), do BNG (1) e de DO (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte da Xunta de Goberno, do seguinte acordo:

1º.- Establecer o prezo público de 88,00 euros (IVE incluído) en concepto de cota de inscrición nos Campamentos tematizados do verán “Explora Ourense – English Camp 2021”.

2º.- Estarán obrigados ao pagamento deste prezo os pais ou representantes legais dos rapaces que presentasen a súa solicitude de admisión no Rexistro da Deputación.

3º.- Os/as usuarios/as dos servizos deberán facer efectivo o pagamento polo importe correspondente no momento da formalización da inscrición e, en todo caso, con carácter previo ao inicio da actividade.

4º.- Nos restantes aspectos non previstos neste acordo, estarase ao disposto na Ordenanza reguladora dos prezos públicos polos servizos de actividades culturais, deportes, educativos e de ocupación de tempo libre, promovida pola Deputación Provincial de Ourense (BOP n.º 139, do 19 de xuño de 2014).

3º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR SUPLEMENTOS DE CRÉDITO N.º 1/2021 DO CONSORCIO PROVINCIAL DE OURENSE PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E DE SALVAMENTO.

O Sr. interventor expón o contido da proposta.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, indica que a maior parte da modificación se realiza para afrontar o pago dunha sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo relativa ao aboamento de facturas á antiga empresa concesionaria dun parque comarcal. Ademais, sinala que sen prexuízo do principal, se deben aboar máis de 30.000 euros de xuros, polo que roga que en situacións similares que se poidan dar se valore a procedencia de interposición deste tipo de recursos.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5) e de don Miguel Caride e dona Montserrat Lama (deputado/a non adscrito/a) e a abstención do Grupo Socialista (3), do BNG (1) e de DO (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do pleno, do seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación de créditos do orzamento do Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do servizo contra incendios e de salvamento n.º 1/2021, co seguinte detalle:

SUPLEMENTOS DE CREDITO. GASTOS CORRENTES

136/22604	Servizo de prevención e extinción de incendios. Xurídicos, contenciosos	105.000,00 €
-----------	--	---------------------

SUPLEMENTOS DE CREDITO. GASTOS DE INVESTIMENTOS

136/62400	Servizo de prevención e extinción de incendios. Elementos de transporte	15.000,00 €
136/62900	Servizo de prevención e extinción de incendios. Outros investimentos asociados ao funcionamento do servizo	15.000,00 €
		30.000,00 €

CREDITOS EXTRAORDINARIO. GASTO DE INVESTIMENTO

136/62600	Servizo de prevención e extinción de incendios. Equipos para procesos de información.	10.000,00 €
-----------	--	--------------------

RESUMO

Suma suplementos de crédito	135.000,00 €
Suma créditos extraordinarios	10.000,00 €
TOTAL MC 1/2021	145.000,00 €

RECURSOS UTILIZADOS

Remanente Tesourería. Subconcepto 87000 para financiar gastos xerais	145.000,00 €
---	---------------------

2º.- A continuación detállase o destino dos suplementos de crédito desta modificación orzamentaria.

Con cargo á aplicación orzamentaria **136/22604 Servizo de prevención e extinción de incendios. Xurídicos contenciosos.**

Aplicación	Descrición	Importe
------------	------------	---------

Orzamentaria		
136/22604	Execución forzosa sentenza firme segundo auto de data 03-02-2021. Principal, xuros e gastos do procurador	105.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **136/62400** **Servizo de prevención e extinción de incendios. Elementos de transporte.**

Aplicación Orzamentaria	Descrición	Importe
136/62400	Adaptación das novas furgonetas dos xefes dos 4 parques para trasladar o equipo de intervención	15.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **136/62900** **Servizo de prevención e extinción de incendios. Outros investimentos novos asociados ao funcionamento operativo dos servizos.**

Aplicación Orzamentaria	Descrición	Importe
136/62900	Equipos varios para intervencións nos 4 parques (cadeas para equipo autónomo de excarceración. Trade e 6 badeadores con protección de seguridade para o parque do Carballiño- A Limia)	15.000,00 €

O destino do crédito extraordinario desta modificación orzamentaria é o seguinte:

Con cargo á aplicación orzamentaria 136/62600 **Servizo de prevención e extinción de incendios. Equipos para procesos de información.**

Aplicación	Descrición	Importe
-------------------	-------------------	----------------

Orzamentaria		
136/62600	5 equipos informáticos completos para os 4 parques	10.000,00 €

3º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

4º.- EXPEDIENTE N.º 6/2021 DE MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O EXERCICIO 2021.

O Sr. interventor explica o contido da proposta.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5), de don Miguel Caride e dona Montserrat Lama (deputado/a non adscrito/a) e de Do (1) e a abstención do Grupo Socialista (3) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do pleno, do seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación das bases de execución do orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense n.º 6/2021, co seguinte detalle:

Aprobar a modificación, no que se refire ás seguintes variacións que non afectan cuantitativamente ao orzamento xeral do exercicio 2021:

a) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións” no expediente de modificación de créditos número 3/2021 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2021, aparece unha subvención nominativa ao **Concello de Montederramo** para a “Humanización de rúas en Montederramo” por importe de 48.000 euros.

Baseándose na solicitude presentada polo Concello de Montederramo de data 05 de maio de 2021 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, informando que o día 28 de abril de 2021 o concello recibe unha providencia de incoación de expediente de concesión

de subvención nominativa para “Humanización de rúas en Montederramo”. Debido a esta obra foi incluída para financiamento doutras administracións e para evitar duplicidades, solicita o cambio de destino da axuda para outra obra moi necesaria pasando a denominarse **“Pavimentación da estrada de Abeledos a Gorgullón”**

450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Montederramo	Pavimentación da estrada a Abeledos a Gorgullón	48.000,00 €

b) Con cargo á aplicación orzamentaria 431.41/479.01 “Promoción comercial. Outras subvencións a consellos reguladores” no expediente de modificación de créditos número 3/2021 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2021, aparece unha subvención nominativa ao **Consello Regulador da denominación de orixe Monterrei** para a “Gastos de funcionamento e promoción”, por importe de 60.000 euros.

Baseándose na solicitude presentada pola presidenta do Consello Regulador de data 08 de maio de 2021 informando que o día 28 de abril de 2021 o Consello Regulador recibe unha providencia da Presidencia da Deputación de incoación de expediente de concesión dunha subvención para gastos de funcionamento e promoción por un importe total de 60.000,00 euros.

Neste acto solicitan o **cambio de finalidade** da subvención e delimitan cuantitativamente a cantidade destinada a gastos de investimentos e a destinada a gasto corrente, polo que é necesario destinar a parte de gasto corrente a gasto de investimento no capítulo 7 do orzamento sen que isto afecte cuantitativamente ao orzamento.

431.41/479.01 “Promoción comercial. Outras subvencións a consellos reguladores”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Consello Regulador da denominación orixe Monterrei	Gastos de Promoción	25.000,00 €

431.41/790.01 “Promoción comercial. Outras subvencións Cons. Monterrei”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Consello Regulador da denominación orixe Monterrei	Obras e equipamentos	35.000,00 €

2º.- De acordo cos artigos 169, 170 e 171 da Lei reguladora das facendas locais, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

5º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA SOLICITAR A URXENTE CREACIÓN DUNHA LIÑA DE AXUDAS ECONÓMICAS PARA AS ASOCIACIÓNS DE COMERCIO LOCAL DA PROVINCIA DE OURENSE

D.ª Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, expón o contido da moción.

D.ª Montserrat Lama e don Miguel Caride (deputada/o non adscrita/o), manifestan a reserva de voto para o pleno.

D. Bernardo Varela López, do BNG, indica que en principio está de acordo coas reclamacións da moción, se ben gustaríalle coñecer a razón pola que se cuantifican as axudas reclamadas en 500.000 euros.

D. Armando Ojea Bouzo, de DO, manifesta que o seu partido político xa é coñecido pola sensibilidade que tivo co pequeno comercio, xa que o Concello de Ourense deu as axudas máis cuantiosas de todo o país, e estando no goberno da Deputación tamén aprobaron as axudas a autónomos e pequenas empresas desta institución.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, intervén para manifestar que segundo os seus datos hai sobre 10 asociacións e centros comerciais abertos na provincia, polo que se cuantifica en 50.000 euros a axuda estimada a cada un, se ben sería sempre nun procedemento de concorrencia competitiva entre os proxectos que se presenten.

O **presidente da comisión** sinala que son as seis e dez da tarde do día 16 de xuño e o PSOE aínda non retirou o recurso contra as axudas a autónomos da Deputación Provincial.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, intervén para lembrar que o recurso do PSOE non vai nin contra as axudas nin contra os beneficiarios delas, senón contra a presunta información privilexiada que houbo no dito expediente.

O **presidente da comisión** replica que todos os solicitantes de subvención que cumprían os requisitos foron beneficiarios de subvención e xa cobraron a día de hoxe, polo que falar de información privilexiada non ten ningún sentido.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista (3) e a abstención do Grupo Popular (5), do BNG (1), de DO (1) e de dona Montserrat Lama e don Miguel Caride (deputada/o non adscrita/o) a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Crear unha liña de axudas de concorrencia competitiva con criterios obxectivos e igualitarios para o reparto, con carácter de urxencia, a través dunha modificación de crédito de 500.000 euros para este ano 2021 e que se manteñan en vindeiros exercicios, para que subvencionen campañas de márketing dixital e venda en liña; de fidelización e dinamización; e para gastos correntes e de xestión.

2º.- Creación do Plan Estratéxico de Comercio de Ourense, en colaboración coas asociacións de comerciantes e centros comerciais abertos da provincia, para o desenvolvemento de accións colectivas de promoción comercial, que permitan mellorar a competitividade e impulsar a modernización do sector comercial e de establecementos de venda directa.

6º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Bernardo Varela López, do B NG, manifesta que estes días saíu na prensa unha actuación da Xunta de Galicia no contorno do Mosteiro de Oseira, para construción dun albergue e que na dita información parecer ser que os terreos nos que se localiza son da Deputación, polo que lle gustaría obter información sobre esas obras.

O **presidente da comisión** manifesta que toma nota da pregunta que se lle contestará por escrito.

E, ás 18.10 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.